

Edita: Club Montañeiros Celtas.  
 Deseño e maquetación: Enrique Soto  
 Traducción: Ana Caramés

Colaboran neste número: Fernando Fernández Rey, Fernando Recondo, Miguel Boquete, Diego Moreira, e as seccións deportivas do club.

Club Montañeiros Celtas non comparte, necesariamente, as opinións dos seus colaboradores.  
 Imprime: Garpe. Depósito Legal: VG:40-1998. Impreso en papel reciclado.

Subvencionado pola  
 Presidencia da Xunta  
 de Galicia.  
 Secretaría Xeral de  
 Política Lingüística.



**XUNTA DE GALICIA**  
 PRESIDENCIA  
 Secretaría Xeral de Política Lingüística



Colabora  
 Concello de Vigo  
 - Área de  
 Participación  
 Cidadá



# CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

Nº 104

XULLO - AGOSTO 2010

Editado 30/06/10

## VINDEIRAS ACTIVIDADES

XULLO	3-4		Campamento infantil de verán	S.D. Infantil
	3	Ría de Arousa	Inmersión submarina	S.D. Act. Subacuáticas
	4		Xornada de achegamento ao descenso de cañóns	S.D. Espeleoloxía
	4	Serra Amarela	Actividade de descenso de barrancos	C.M.Xistra-F.G.M.
	10		Inmersión submarina	S.D. Act. Subacuáticas
	10-11	Cañón do Sil	Xornadas de escalada	S.D. Escalada
	10-11		Montañismo: Pajares-Oubiña	S.D. Montañismo
	17-18	Pobra do Caramiñal	Campamento de verán	S. Actividades Sociais
	18	Porto do Son	Inmersión submarina	S.D. Act. Subacuáticas
26		Actividade de Bicicleta Montaña	S.D.Bici	
AGOSTO	31- 7 Ago.	Pirineos	Campamento de montaña	S.D. Montañismo
	31- 8 Ago.	Hornijo (Cantabria)	Campaña Hornijo 2010	S.D. Espeleoloxía
			64º Campamento anual da FEDME	FEDME
	14	Ría de Vigo	Inmersión submarina nocturna dende praia	S.D. Act. Subacuáticas
22		V Carreira por Montaña Cañón do Sil	FGM	
SETEMBRO	4-5	Pena Corneira	Escalada en bloque	S.D. Escalada
	5	Portonovo	Inmersión submarina	S.D. Act. Subacuáticas
	11	Illas Cíes	Inmersión submarina	S.D. Act. Subacuáticas
	11-12		Curso escalada artificial	FGM-EGAM
	11-12	Peña Ubiña	Montañismo por Peña Ubiña	S.D. Montañismo
	12		XXII Marcha galega de montañeiros veteranos	C.M.Ribeira Sacra-FGM
	17		Inmersión submarina nocturna	S.D. Act. Subacuáticas
	18-19	O Courel	Saída polo Courel	S.D. Infantil
	18-19		Multiactividade por montaña	FGM-EGAM
	24	Local social	Festa reencontro	S. Actividades Sociais
26		Actividade de Bicicleta Montaña	S.D.Bici	
25-26	Pedrafita	15º Campamento infantil-xuvenil	S.D. Espeleoloxía	

## PIRINEOS 2010 GAVARNIE

(31 de xullo - 7 de agosto)

Máis información en páxina 3..



Neste número:

Páxina web	1
Información Xeral do club	2
Actividades Sociais	3
Pirineos 2010	3
Conferencia de Sechu López	4
VI Campionato escalada base	4
Sendeirismo	5
Actividades Subacuáticas	6
Espeleoesección	7
Vindeiras Actividades	8



XA TEMOS NOVA WEB!!  
 Visítanos en [www.celtas.net](http://www.celtas.net)


## ELECCIÓN 2010 A PRESIDENTE DO CLUB

CONVOCATORIA  
 ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA  
 Venres 22 de outubro de 2010

Información detallada en páxina 2.

### CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

- ♦ Avda. Camelias 78, Oficina K. 36211 - Vigo
- ♦ Apartado de Correos 1836. 36200 - Vigo
- ♦ Teléfono: 986 438 505 - Fax: 986 912 220
- ♦ Internet: [www.celtas.net](http://www.celtas.net)
- ♦ Correo electrónico: [info@celtas.net](mailto:info@celtas.net)
- ♦ Horario: 19.00 h - 21.30 h, de martes a venres





**XORNADAS DE TRABALLO VOLUNTARIO**

**Domingo 1 de Agosto  
Refuxio Aloia en Tui**

Ás 10 da mañán no refuxio do Aloia faremos traballos de mantemento do refuxio, como arranxo de goteiras, fiestras, pintar, etc. O Club levará empanadas para todos.

**Domingo 22 de Agosto  
Refuxio do Galiñeiro- Vincios**

Ás 10 da mañán no refuxio do Galiñeiro faremos traballos de mantemento do Sendeiro PRG-1 Vincios - Galiñeiro, como repintar sinais, reponer algún poste de sendeiro, desbrozar, etc. O Club levará empanadas para todos.

ANOTÁDEVOS NO CLUB CON ANTELACIÓN



**ELECCIÓN 2010  
PRESIDENTE DO CLUB**

No presente ano finaliza o meu mandato como presidente do Club, que se iniciou en Outubro do 2006. Dacordo coa lei Xeral do Deporte da Xunta de Galicia é necesario convocar eleccións a Presidente do Club cada catro anos, coincidindo coa celebración das Olimpíadas de Inverno. As eleccións 2010 a Presidente axustaranse ao Regulamento do Réxime Electoral do noso Club aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria do 10 de Marzo do 2006, tamén tendo en conta o que se decida na Asemblea Xeral Extraordinaria que se convoca para o venres 22 de Outubro no que se iniciará o Proceso Electoral. Este regulamento e a información relacionada con estas eleccións pódese obter na sede do club ou na nosa web [www.celtas.net](http://www.celtas.net).

**CONVOCATORIA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA**

Estimados asociados:  
Seguindo as disposicións dos Estatutos e do Regulamento do Réxime Electoral do noso Club, convócase Asemblea Xeral Extraordinaria, que se celebrará o venres 22 de outubro 2010, ás 20:00 horas en primeira convocatoria e ás 20:30 en segunda, no local social da nosa entidade, sito en Avda. Camelias 78, oficina K, de Vigo. De acordo coa seguinte:

**ORDE DO DÍA:**  
1º Balance de Xestión de Decembro de 2009 a Outubro de 2010.  
2º Eleccións a Presidente do Club  
Nomeamento da Xunta Electoral  
Aprobación das datas do calendario do proceso electoral.

**Fernando Fernández Rey**

**24 e 25 de Abril, saída de “reexploración” no Concello de Becerreá.**

Para esta fin de semana decidimos ir cara Becerreá, co fin de localizar unha serie de cavidades das que a derradeira noticia data dos anos 70 (xa choveu...)

Desta maneira, saímos o sábado 24 dende o Concheiro a iso das 10 da mañá un grupiño formado por Carol, Óscar, Conchi, Ana e Miguel. Chegados ao refuxio de Liñares a iso das 13:30, preparámonos para o xantar mentres agardábamos por Eugenia, que viña dende Coruña e non se fixo esperar moito.

Rematado o xantar e con todo o rebaño recollido, preparámonos para o primeiro obxectivo: tratar de atopar unha cova na parroquia de Nantín. Logo de falar con algún paisano que outro localizámola nunha finca no mesmo pobo. Puidemos ver que parte da boca derrumbárase sobre o chan quedando a primeira salina destruída. Pero ó entrar démonos conta de que estaba case totalmente ategada de auga e sedimento de barro...o que non significa que non poida continuar, xa que sería interesante voltar alí no verán, cando estea aquilo máis seco. Logo de topografiar os apenas 30 metros ós que tivemos acceso, saímos para botar unha ollada polos prados circundantes onde atopamos dúas bocas máis, aínda que co mesmo problema da auga...conclusión: hai que voltar no verán para ter unha información clara da situación das cavidades.

Ó deixar a parroquia de Nantín dirixímonos a O Castro, un monte relativamente preto no que os paisanos dicían que os antigos castrexos baixaban pola cova dende o cumio do monte ata o río sen que os inimigos os puideran ver...en fin...vaia cos rumores... Despois de loitar fervorosamente contra silvas, toxos e matogueiras increíblemente violentas, logramos topar cos vestixios do foso defensivo do antigo castro, e nel, contra unha parede, un pequeno burato... Por el meteuse Miguel e vaia...dos 200 metros que baixaban ao río, curiosamente quedan 2 metros e medio en dirección totalmente horizontal...curiosa transmutación para unha cavidade en apenas 30 anos, non? ...en fin.

Logo das peripecias deste día, voltamos para o refuxio a pola merecida cea e para a cama cediño que mañá máis.

Pola mañá o domingo sen moita presa marchamos para Cruzul, onde preto dunha canteira tiñamos noticias dunha sima que chamaban da Cruz ou da Horta. Logo de rastrexar polo monte e non atopar nada decidímonos a entrar na canteira, onde moi ao noso pesar topamos coa cova e outras dúas máis, parcialmente destruídas pola acción das voladuras. Logo deste chasco, botamos unha ollada polos campos circundantes, onde unha paisana nos falou de xente que foi non fai moito por alí con cascos e demáis... Pouco despois demos


coa que chaman a Cova de Valdavara. Para a nosa sorpresa atopábase pechada cun candado e tiña indicios de estar baixo estudo. Aínda que non puidemos entrar, polo menos xa a temos localizada.

Voltando ao refuxio decidimos botarlle unha ollada a unha boca que hai preto del, xusto na estrada cara a Cova do Purruñal, na que outro paisano dicía que cando era novo, el mesmo entrara por alí cunha moza e saíran no cumio da montaña....xa... Puidemos comprobar esa grandísima lonxitude que, vislumbrando por entre a inmensa nube de mosquitos intuíanse uns 3 metros onde se bifurca por un burato de 10 centímetros de diámetro sobre unha greta de 5 centímetros de ancho...sinceramente eu non sei como sería de delgado o paisano e maila moza nos anos 70 pero vaia... eu deles iría ao médico.

Logo disto, fomos para o refuxio a recollelo e xantar alí mesmo para despois partir cara Vigo nós, cara Coruña Eugenia, a iso das 4 da tarde.

As conclusións: hai que voltar no verán a Nantín, e do que digan os paisanos...quedarémonos cunha décima parte jeje.

A Sección.



## ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS

### Tirán Con do Pego; casacallo Reef

Esta vez tocouse a min contárvola-la primeira saída oficial da primavera. Foi o domingo 28 de Marzo. Inicialmente todo estaba programado para o sábado pero por mor do mal tempo e da mala mar a saída tivo que ser posposta ata o domingo, cambio polo que algúns compañeiros non puideron participar...

En total fomos dez os Montañeiros que nos demos cita xunto a barreira do Náutico de Vigo: Manu, Paula, Anxo, Diego, Carmen, Celia, Pablo, Silvia, Óscar e eu. Ás 10.00 da mañá, puntuais coma sempre e sen que ninguén se despistase có cambio de hora, chegamos ás instalacións de buceo Atlantis. Saudamos a Ángel (o instructor) e ó resto da xente, e coa velocidade que nos caracteriza comezamos a equiparnos.

Unha vez todo listo e cargado nos barcos partimos en dirección ó punto de mergullo. Nesta ocasión non fomos á batea, coma todo o mundo “desexaba” senón que tocou unha zona pouco habitual: o Con do Pego, un baixo rochoso a pouca profundidade situado fronte á praia de Tirán.

Amarrados no punto de inmersión, Óscar organizou os grupos e ultimou os detalles, rematamos de equiparnos e

nos botamos á auga. A corrente en superficie facíase notar. Con algo de esforzo nadamos ata o cabo do fondeo onde agarrados os uns ós outros agardamos polo resto de compañeiros para facé-lo descenso todos xuntos. A min tocouse formar grupo con Anxo e con Diego, e os tres trataríamos de seguir ó grupo de Óscar. A inmersión foi moi interesante e transcurriu sen maiores problemas. Nada máis sumerxirnos, un pequeno choco déuno-la benvida. Máis adiante, disimulados entre o fondo de area e cascallo, grandes vieiras, cangrexos, cangrexos araña e multitude de estrelas de mar convertiríanse nos nosos compañeiros de inmersión. Despois dun longo paseo ascendimos xunto á baliza do Con, a unha boa distancia do barco. Ángel, sempre atento a todo, apresurouse en virnos buscar coa zodiac e en levarnos onde o resto de compañeiros. Xa todos xuntos no barco procedimos á tradicional degustación de galletas varias, boliños de chocolate e do noso inseparable compañeiro de inmersións: o licor café.

De volta ó porto tocou recollida, limpeza dos equipos, e despedida; esta vez sen charliña técnica posto que se nos fixo algo tarde, pero de seguro que para a seguinte non falta... Deica a próxima!!

Miguel Boquete

### Actividade de Rafting e Sendeirismo

O día de onte foi deses días - multiactividade completiños. A xente foi bastante puntual, e ás 10:30 estabamos todos en Ponte de Sinde cando chegou a furgoneta da empresa Turnauga. Sorprendeunos bastante ver o novos que eran tódolos monitores, que rapidamente escomezaron a desplegar todo o material, dar unha pequena charla e a poñerse os neoprenos. Como eramos un grupo bastante grande e de maioría feminina, algunha tivo que levar un traxe algo frouxo. Ademais do traxe, déronnos escafpíns, unha especie de chubasqueiro e casco. Despois os condutores levamos os coches ata o tramo final do rafting. Particularmente a actividade de rafting pasoume voando. O noso monitor encargouse de darlle un pouquiño máis de emoción, contándonos cómo eran os rápidos, facendo algunha tumbada e remontada... Tamén houbo tempo para xogar ao abordaxe entre balsas. Algunhas costaron máis ca

saltar dende uns 12 metros. Despois despedímonos dos nosos monitores, ata a seguinte.

Para xantar, un grupiño quedou a tomá-lo polbo en Herbón e outro achegouse ao balneario de Caldas, onde se faría a ruta da tarde. O resto, xa en Caldas, paramos no parque e fixémonos fortes movendo unhas mesas e facendo un gran banquete compartindo a comida e as experiencias vividas. Despois do café, sobre as 16:30 reagrupámonos de novo para iniciar a ruta da auga, un paseiño que transcorre máis ou menos paralelo ó río de Caldas. Polo camiño pasamos pola abandonada fábrica da luz, pola impresionante fervenza, pola ponte romana... e compartimos a ruta coa fauna da zona: cabras, bolboretas, musarañas, ourizos, grilos... Salvo dúas pequenas subidiñas, o resto da ruta fíxose bastante ben. Despois da ruta despedímonos ata outra ocasión. Algúns marcharon para casa, e os outros mandámoslle un último refrixeiro.

Diego Moreira.



## ACTIVIDADES SOCIAIS

### CAMPAMENTO DE VERÁN 17 E 18 DE XULLO A Pobra do Caramiñal, A Coruña

En Galicia existen mil e un lugares onde perderse. Un deles está na rexión natural do Barbanza, no oeste da Península Ibérica, case Finis Terrae xeográfica, onde as praias salvaxes, case baleiras, augas cristalinas, o clima... fan do espazo un lugar ideal para visitar e gozar; unha serra cun encanto especial, cercada por cantís e praias.

Este ano cambiaremos a nosa tradicional sardiñada por unha churrascada con criollos e viño, e tamén gozaremos da praia. Podemos camiñar até o mirador da Curota, a uns preto de 514 m sobre o nivel do mar, cun entorno forestal. Pódese admirar o Barbanza, a Ría de Arousa, as Illas de Arousa, Sálvora, dunas de

Corrubedo, Cíes, Lagoas de Corrubedo e Vixán, Punta Xuño e Neixón. En días claros comeza unha vista magnífica sobre toda a costa oeste de Galicia, de Fisterra ao Monte de Santa Tegra (A Guarda).

Camping Praia Ría de Arousa  
(A 87 Kilómetros de Vigo, 1 hora)  
Praia de Cabio s/n - 15940 A Pobra do Caramiñal  
981865911 Reservas 902 321 010

PREZOS 2010	
Adultos	5,90€
Nenos	4,90€
Tenda	5,90€
Automóvil	5,90€

### FESTA DO REENCONTRO VENRES 24 DE SETEMBRO



O venres 24 de Setembro será a festa do reencontro no local social do Club a partires das 20:30h. Nos xuntaremos para contar as nosas aventuras despois do verán e agardamos contar coa aportación dos socios para que deleiten aos seus compañeiros co seu mellor repertorio gastronómico: todo será benvido, doce ou salgado.

## MONTAÑISMO

### PIRINEOS 2010: GAVARNIE

O vindeiro mes de agosto volvemos a Pirineos para levar a cabo o noso campamento de verán. Este ano volvemos escoller a zona de Gavarnie como lugar para a actividade.

Como é tradición, a data da actividade será a primeira semana de agosto, con saída o 30 de xullo ás 12 da noite dende o club e volta o 7 de agosto.

Motivos non nos faltan porque está considerada como unha das zonas naturais máis fermosas da terra; parque nacional e recoñecido pola UNESCO como ben de interés natural e paisaxe cultural.

O aloxamento será no camping - refuxio La granje de Holle a 1,5 km de Gavarnie, habendo posibilidade de durmir en camas (prazas moi limitadas) ou en tenda de campaña.

Temos programadas diferentes actividades incluíndo ascensións ós tresmiles máis característicos da zona, así como sendeiros para tódolos días.

Éste é un breve apunte das actividades que pretendemos realizar:

SABADO, 31 de xullo. Chegada ó camping.

DOMINGO, 1 de agosto. Circo, cascada e refuxio e Sarradets.

LUNS, 2 de agosto. Refuxio des Espuguettes Circo de Estaube.

MARTES, 3 de agosto. Brecha de Roldán, Taillón.

MERCORES, 4 de agosto. Gr-10 “Sendeiro das Marmotas”

XOVES, 5 de agosto. Gran Vignemale (3298m).

VENRES, 6 de agosto. Actividade a determinar. Cea de

confraternidade.

SABADO, 7 de agosto. Desmontaxe de campamento e saída sobre as 8 h.


Ademais destas, existen numerosas actividades alternativas pola zona para tódolos niveis, xa sexan sendeiros ou un simple paseo.

Para máis información podeades pasar polo club onde vos darán os datos que precisades.

Lembrede que aínda estades a tempo de poñervos en forma, porque xa sabedes que as costas en Pirineos non perdoan.

PREZOS:

Autobús.....120€  
Camping (persoa+p.p.tenda)..... 6€/dia.  
Media pensión refuxio (federados)..... 27€/dia.  
Pernocta (federados)..... 14€/noite.  
Cea (federados)..... 12€/cea.



## CONFERENCIA DE SECHU LÓPEZ

### Sonferencia de Sechu López organizada polo Club Faro de Vigo e Montañeiros Celtas

Unha vez máis o Club faro de Vigo colaborou con Montañeiros Celtas na organización e difusión dunha conferencia que ten como base o noso deporte. Esta vez foi Sechu López, alpinista de Montañeiros Celtas, quen nos relatou a súa experiencia, ademais de mostrarnos as imaxes da aventura, até chegar en solitario ao cumio do Gasherbrum II de 8.035 m.

A conferencia foi presentada por Fernando Fernández Rey, presidente do Club, entregándolle ao



remate do acto a medalla de ouro do club polos seus méritos deportivos.

O interés xerado pola proxección-coloquio se plasmou na asistencia de público na sala que se atopaba chea con máis de 300 persoas. Durante a súa intervención Sechu López adicou a súa fazaña a Luís María Barbero, falecido nesa montaña.

Desexámoslle sorte e o mellor dos éxitos a Sechu López nos próximos proxectos que emprenda.



## VI CAMPIONATO GALEGO DE ESCALADA DE BASE

O pasado 5 de xuño volveuse celebrar, e xa vai polo sexto ano consecutivo, o Campionato de Escalada de Base, organizado polo Club Montañeiros Celtas dentro do calendario da F.G.M.

Finalmente foron 65 os escaladores que se deron cita na pista vermella, todos entre os 3 e os 17 anos de idade (inda que se colou algún menor de 3 anos que morría por escalar), e 17 os monitores, cada un coa súa función.

A competición estivo reñida nas dúas categorías, de 12 a 14 anos e de 15 a 17, cos gañadores Alejandro de Frutos, do C.M. Xistra e Lucas Rodríguez, do Club Alpino Ourense respectivamente.

Entre medias todos puidemos gozar da merenda a base de bocatas de chourizo e xamón con queixo regados con cadanseu botellín de auga ou refresco, ademais de recibir un



agasallo tódolos participantes e monitores e un trofeo e agasallos os tres primeiros competidores de cada categoría.

En definitiva, unha xornada que demostra que temos unha boa canteira de escaladores, e que o Club segue a ter éxito na organización e realización deste xa tradicional campionato.

	Nome	Idade	Clube	1º vía	2º vía	Final	Desempate	POSTO
1º	Alejandro de Frutos Martínez	14	Xistra	TOP	TOP	TOP	23	1º
2º	Samuel Rodríguez Borines	14	Celtas	TOP	TOP	TOP	23 (CAYÓ)	2º
3º	Rodrigo Alejano García	13	Celtas	TOP	TOP	13	14+	3º
	Nome	Clube	Idade	1º vía	2º vía	Final	Desempate	POSTO
1º	Lucas Rodríguez López	Club Alpino Ourense	16	TOP	TOP	TOP		1º
2º	Pedro Cebrián Santorio	Xistra	16	TOP	TOP	19		2º
3º	Brais Piñeiro Fuentes	Celtas	15	TOP	16			3º

## SENDEIRISMO

### PARADA DO SIL 9 DE MAIO 2010

O pasado día 9 de maio ás 8:30h da mañá (tocou madrugar) e coa volta de Conchi como guía, marchamos un grupo de máis de 30 persoas da sección de sendeiros cara unha nova actividade deste inquieto grupo de camiñantes. Facemos un descanso para o cafeño no Alto do Couso onde algún está a punto de mercarlle unha batería de cociña a un alegre e dicharachero italiano que arengaba a un grupo de abueliños de excursión organizada. Finalmente, chegamos a Parada de Sil, onde fomos amablemente recibidos por un membro do club de montaña do mesmo nome, para realizar un fantástico percorrido polas ladeiras do Canón do Sil, nunha xornada soleada inda que con algunha ameaza de chubasco que non chegou a maiores, e cunha temperatura magnífica para camiñar sen suar a gota gorda (en principio).

Iniciada a primeira etapa do bucle, tivemos ocasión de camiñar aos famosos Balcones de Madrid de comprobar a imaxinativa popular á hora de cazar lobos vivos nun dos poucos pozos de lobo que quedan recuperados na comarca. Dende alí, chulísima camiñata en descenso entre castaños e carballos até o Mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil, que se ben está lonxe da súa restauración, polo menos foi consolidado para evitar o deterioro e o expolio ó que os centros artísticos da zona foron sometidos nos últimos anos. O malo, que ó principio era todo baixada, pero despois, claro, todo subida. Deste modo, entre algúns sequeiros abandonados e casas ailladas no medio dun bosque

fascinante e frondoso, voltamos a Parada, en cuxa praza principal procedemos a montar o campamento-comedor. Estando precisamente no mellor da comida,ponse a chover e hala, a rematar correndo e a tomar por asalto o bar: café para todos e decisións de última hora sobre quen se apunta ó segundo bucle e quen á sesión-sesta.

Lixeiramente mermada, a comitiva pon

camiño a Rabacallos, segunda parte do bucle que comeza de igual xeito: carreiros e baixada pola vertente sur do río Sil e magníficas vistas de muíños abandonados, carballos e castaños centenarios de tamaños e aspectos difíciles de imaxinar. Tamén algún que outro érbedo con frutos en proceso de maduración e incluso un par de figueiras frondosas. Con todo, xa casi chegando ó embarcadoro agora en desuso, o premio do día para os que saben buscar foi para os afortunados descubridores dunha gran cantidade de amorodos silvestres que fan as veces de merenda (merecida) mentres apreciamos o fantasmal aspecto das árbores aparecidas cos case quince metros de auga perdidos coa baixada de nivel do embalse de Os Peares, hoxe en obras, e que levan tantos anos baixo as augas. A subida de regreso, polos bancales de viñedo, faise un duro camiño para rematá-la xornada, se ben ó entrar no pobo de novo, atopamos unha panadería aberta que estaba nese momento iniciando o empaquetado dunhas deliciosas bicas recién saídas do forno, e que rápidamente cambian de mans (ás nosas, claro). Así, reunidos todos na praza de Parada de Sil, collemos o autobús de volta, quedando posposta pola hora a visita a San Pedro de Rocas, que queda para outro día, e voltamos todos para Vigo ledos, esgotados e coas reconfortantes palabras de Conchi, que nos promete máis emocións, actividades e paisaxes para outro día, o cal nos deixa a satisfacción de que noutra fin de semana haberá máis do mesmo.

Fernando Recondo

